

A increíble historia dos escalatorres, nunha fascinante novela gráfica

FICHA TÉCNICA: 64 pp. 23 x 31 cms.
ISBN 978-84-18567-88-9. PAPEL FSC. PVP: 22,00 €

SANTIAGO DE COMPOSTELA, OUTONO DE 2025. Hoxe semellan seres de ficción, pero existiron realmente. Son os coñecidos como Escalatorres. **Personaxes míticos que, antes da guerra civil, ascendían, sen protección ningunha, ata a cima dos edificios máis emblemáticos de Galicia** e do noroeste da península. ***Bestiario das alturas*** (Alvarellos Editora-Consortio de Santiago) é o título dunha novela gráfica **escrita por Inacio e ilustrada por Iván Suárez**, que concibida para todos os públicos, recupera as extraordinarias existencias destes artistas circenses.

Como o granadino Puertollano, que coroou en 1909 a compostelá Torre Berenguela; o *Barquerito*, Manuel Escudero, quen vestido de toureiro gabeaba pola torre da Peregrina en Pontevedra, ou o portugués Antonio Sousa e a súa muller, alcumados *Os Morcegos*, pois escalaban cos ollos vendados a concatedral de Vigo... Este volume percorre **ata quince biografías realmente increíbles**.

A partir destes feitos reais, a ficción sitúase en 1965. Grazas ao daquela alcalde de Pontevedra, **Xosé Filgueira Valverde**, o escritor **Álvaro Cunqueiro** coñece ao escalatorres *Barquerito*. Nun paseo pola cidade do Lérez irán xurdindo, na conversa, os máis famosos gabeadores da nosa historia.



Esta novela gráfica pretende ser tamén **unha reflexión sobre o medo** e como enfrontarse a el. «Os chinos din que o medo sempre está de costas, que se estivese de fronte non habería ninguén vivo, todos teríamos morrido xa de medo», afirmaba Álvaro Cunqueiro.



INACIO E IVÁN SUÁREZ. Lalín, 1974 (Inacio); Santiago, 1973 (Iván). Foron galardoados co Premio Castelao de BD por Titoán (2010). Despois virían *O pobre tolo* (2012), *Máis alá* (2013) e *Atila* (2015), todos eles sobre Castelao. Outros cómics de ambos son *As pombas de Carboeiro* (2020), *O voo da curuxa* (2022), *O reiciño de Galiza* (2023) ou *Pedro e o lobo* (2024).

Para contactar cos autores:
Inacio: fantochesbaj74@gmail.com
Iván Suárez: entreolvidos@yahoo.es

